



Respostas a preguntas frecuentes sobre o procedemento de acreditación do alumnado en competencias dixitais

É obrigatoria a realización das probas por parte do alumnado?

Non, a participación das probas é totalmente voluntario, inda que é preciso que o equipo directivo inscriba no período habilitado a tal fin (ata o 15 de marzo) ao alumnado interesado en participar.

Onde se custodian as solicitudes de participación nas probas e autorizacións dos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado?

As devanditas solicitudes e autorizacións para a participación nas probas de acreditación en competencias dixitais do alumnado quedarán custodiadas no centro educativo.

Cales son as datas concretas de realización das probas?

As datas exactas das probas de acreditación do alumnado no mes de abril (nivel intermedio - área 4 - alumnado 2º BAC) e de maio (nivel intermedio - áreas 1, 2, 3, 4 e 5 - alumnado 4º ESO) serán determinadas cando remate o proceso de inscrición e a Administración educativa estableza o reparto de centros e quendas. En calquera caso, comunicarse con antelación suficiente aos centros as datas que se lle asigne. Unha vez notificadas as datas de administración destas probas, só se admitirá o cambio en casos de excepcional incompatibilidade debidamente xustificada.

É posible acceder á gravación e/ou presentación da videoconferencia do día 6 de marzo?

A videoconferencia, para preservar de dereitos de imaxe das persoas, non foi gravada pero elaborouse unha presentación para facilitar a información relacionada co proceso de acreditación en competencias dixitais do alumnado. Pode acceder a dita presentación no [espazo específico do portal educativo](#), onde tamén se ofrece outra información complementaria.



Onde se realiza a inscrición das persoas coordinadoras da proba?

A inscrición das persoas coordinadoras das probas nos centros realizarase de distinto xeito segundo a tipoloxía de centro:

- En centros sostidos con fondos públicos → será cuberta polo equipo directivo do centro empregando a ligazón enviada por correo electrónico ao enderezo do centro.
- En centros privados → cubrirán o campo correspondente no formulario da aplicación Enquisas que se lle enviou por correo electrónico ao enderezo do centro.

Onde se pode ver un exemplo da tipoloxía de preguntas das probas?

Actualmente AMTEGA proporciona unha [demo](#) das probas de acreditación de nivel intermedio, o cal pode ser de axuda para ver a tipoloxía de preguntas ás que se enfrontará o alumnado nas devanditas probas.

É posible o emprego de Chromebooks para a realización da proba?

Os postos informáticos deberán contar cun ordenador de mesa ou portátil con acceso a Internet e co seguinte software:

- Navegador web actualizado.
- Solución ofimática (LibreOffice ou calquera outro software equivalente).
- Lector /visor PDF (Adobe Reader ou similar).

Os dispositivos tipo Chromebook poderán empregarse para a realización da proba de acreditación en competencias dixitais sempre e cando cumpran cos requisitos anteriores.

É posible o emprego de dispositivos E-Dixgal para a realización da proba?

Nos centros E-Dixgal, o alumnado pode usar os seus propios dispositivos.

É posible o emprego dos ordenadores particulares do alumnado para a realización da proba?

Os postos informáticos deberán contar cun ordenador de mesa ou portátil con acceso a Internet e co seguinte software:

- Navegador web actualizado.

- Solución ofimática (LibreOffice ou calquera outro software equivalente).
- Lector/visor PDF (Adobe Reader ou similar).

Os dispositivos que contén con esta configuración, incluídos os particulares do alumnado, poden empregarse para a realización da proba de acreditación en competencias dixitais.

Vai haber un número de convocatorias máximo ao que poida presentarse o alumnado?

No DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, non se indica a imposibilidade de presentarse a unha nova convocatoria das probas de acreditación. O alumnado de 4º de ESO, no caso de non superar esta convocatoria, podería presentarse ás probas que se leven a cabo dentro do sistema educativo galego, noutros niveis educativos ou ben ás probas xerais para a cidadanía a partir dos 16 anos que convoque AMTEGA.

O alumnado de ciclos formativos, incluído o de FP Básica, poderá presentarse ás probas de acreditación?

A [Resolución pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado](#) só regula as probas de acreditación ao alumnado matriculado no presente curso académico 23-24 en 4º de ESO ou 2º de bacharelato.

O alumnado de ESA poderá presentarse ás probas de acreditación?

Atópase no mesmo caso que o alumnado de FP: a súa acreditación correspóndelle á Dirección Xeral de Formación Profesional, dado que a Subdirección Xeral de aprendizaxe permanente, ensinanza artística, idiomas e deportivas depende desa Dirección Xeral.

Pode presentarse á proba de nivel intermedio o alumnado de 2º de bacharelato con materias soltas?

O alumnado de 2º de bacharelato que está repetindo con algunha materia solta non pode presentarse á proba de acreditación en competencias dixitais da área 4. Isto é debido a que as materias que superou non corresponden ao currículo LOMLOE, currículo que, unha vez analizado en relación ao Marco galego en competencias dixitais, permite validar por estudos realizados a certificación en competencias dixitais das áreas 1, 2, 3 e 5.

Pode presentarse ás probas de nivel intermedio o alumnado de 4º de ESO e de 2º de bacharelato titulado en cursos anteriores?

A [Resolución pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado](#) só regula as probas de acreditación ao alumnado matriculado no presente curso académico 23-24 en 4º de ESO ou 2º de bacharelato.

O alumnado xa titulado en 4º de ESO en curso anteriores tamén obterá o certificado ComDix iniciación?

Só a alumnado que cumpra simultaneamente estes dous requisitos:

- Ter titulado en 4º de ESO nos curso 21-22 ou 22-23.
- Ter participado un mínimo de tres cursos escolares no proxecto E-Dixgal (non computando os cursos repetidos).

Terá validez a certificación ComDix do alumnado fóra de Galicia?

A certificación ComDix é a certificación galega en competencias dixitais promovida pola Administración galega e que certifica o nivel que ten un cidadán galego para utilizar as tecnoloxías dixitais, tanto a nivel persoal como social e profesional. Correspóndelles as respectivas administracións autonómicas con competencias na materia establecer as futuras equivalencias ou homologacións.

Cales son os contidos que se esixirán nas probas ao alumnado?

A información sobre os contidos correspondentes ao nivel de certificación intermedio, aparecen reflectidos na [páxina de AMTEGA sobre ComDix](#), onde se pode acceder ao [documento coa Estrutura do Marco Galego de Competencias Dixitais](#). Neste documento haberá que prestar atención ao apartado 3 e, concretamente, ás columnas que describen a "Dimensión 5 - Cidadanía" para o nivel intermedio de cada competencia de cada área.

En que idioma se poderán realizar as probas?

No momento da realización da proba, o alumnado pode elixir o idioma desta: galego ou castelán.